



CONCELLO DE SOBRADO

Praza do Portal, 1. 15813 Sobrado (A Coruña)

Teléfono: 981787508. Fax: 981787577. e-mail: correo@sobrado.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

ASUNTO: NOMEAMENTO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE DOUS PEÓNS PARA O SERVIZO DE LIMPEZA DE MONTES DO CONCELLO DE SOBRADO (APROL RURAL 2019).

EXPEDIENTE: 2019/G003/000168.

O Tribunal cualificador, ao abeiro dos resultados obtidos polos aspirantes no proceso selectivo segundo as bases da convocatoria aprobadas o 26/04/2019 e a acta do tribunal emitida o 13/05/2019, fixo a proposta de nomeamento dos dous peóns seleccionados como persoal laboral temporal para o Servizo de limpeza de montes do Concello de Sobrado (Aprol Rural 2019).

Os seleccionados presentaron correctamente a documentación requirida de conformidade coa base 7ª da convocatoria.

Por todo o anterior, de conformidade co disposto no art. 215 a 217 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei de facendas locais, e no uso das atribucións que me outorga o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear como peóns forestais para dito servizo aos seguintes seleccionados:

| APELIDOS E NOME | DNI |
|---------------------------|-------|
| ABAD ABAD, JOSÉ MANUEL | *174D |
| COUCEIRO VIZCAÍNO, ADRIÁN | *231T |

SEGUNDO.- Publicar o presente decreto no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite a alta dos traballadores na seguridade social e se asine e rexistre os contratos con efectos de alta o 15/05/2019.

Sobrado, asinado electrónicamente polo alcalde, Luis Lisardo Santos Ares, e a secretaria, Elena González López, na data que figura na marxe deste documento.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)